

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DE FACULTADE DO 14 DE DECEMBRO DE 2017

Asistentes:

Reboreda Morillo, Susana
Fernández Fernández, Adolfo
Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
Pérez Rodríguez, Francisco
Javier
Vaquero Díaz, María Beatriz
Pérez Losada, Fermín
Presedo Garazo, Antonio
Uña Álvarez, Elena de
Domínguez López, Ángel
Alejandre Ojea, Mónica
Lozano González Carlos
Galiña Lorenzo, Juan Manuel
Rodríguez Álvarez, Lucía
García Cabo, Manuel
Núñez Remacho, Virginia
Rodríguez Bouzas Josefa
Cadilla Lomba , Josefina T.

Desculpan a súa ausencia:

Castro Pérez, Ladislao
De Juana López, Jesús
López Díaz, María
Prada Rodríguez, Julio
Sixirei Paredes, Carlos
Valín Fernández, Alberto
Souto Castro, Iria
Ferreiro Calvo, Mireya

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o xoves 14 de decembro de 2017, ás 13.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 12 de decembro de 2017

- Votacións para a elección a Decano/a.

Toma posesión do cargo de presidenta da sesión a Profa. Elena de Uña Álvarez como membro de máis antigüidade no posto de funcionaría presente na Xunta de Centro Extraordinaria. Continúa como secretario Adolfo Fernández Fernández.

1. Votacións para a elección a Decano/a.

A presidenta da Xunta de Centro Extraordinaria, Elena de Uña, seguindo o regulamento para a elección de Decano/a outórgalle un turno de palabra a candidata Profa. Susana Reboreda Morillo de 15 min.

A Profa. Reboreda Morillo diríxese aos membros da Xunta de Centro Extraordinaria:

“Hoxe remata unha etapa de tres anos. Unha etapa de intenso traballo que asentouse sobre as bases do equipo decanal anterior, no que Beatriz Comendador era a decana. En seis anos a situación da Facultade e dos títulos mudou considerablemente, penso que con moito traballo e tesón, hoxe podemos afirmar que vivimos unha situación, polo menos en determinados aspectos, máis favorable.

Teño a satisfacción de poder dicir que os obxectivos que expoñía hai tres anos están cumpridos. Probablemente o máis importante fora saír do plan de viabilidade, reclamado pola Xunta de Galicia, por non acadar os 45 estudantes requirido en primeira matrícula. O segundo era a implantación do Plan Conxunto entre Xeografía e Historia e Turismo, que veu a luz neste curso. O terceiro tiña que ver ca posta o día dos aspectos da Calidade. O curso pasado o grao en Xeografía e Historia foi acreditado cunha boa puntuación e a Facultade de Historia acadou a Certificación Fides-Audit. O cuarto obxectivo ca inclusión do profesorado nun Programa de Doutoramento: Protección de Patrimonio Cultural.

Esta candidatura remata en circunstancias distintas ao seu inicio, a aplicación da Relación de Postos de Traballo dos PAS da UVigo provocou que Carmen Arribas cambiara de posto e Beatriz Comendador dimitira. Quero agradecer a ambas a súa colaboración, sen elas moitos logros non terían sido posibles. No mes de xuño, tras valorar as distintas posibilidades, decidín continuar no cargo de decana porque había moitos aspectos “a medio camiño” que considerei preciso rematar. Quero agradecer a Adolfo Fernández aceptar a miña acelerada proposta de asumir a secretaría do decanato, figura imprescindible para continuar o mandato no tempo establecido. Tamén preciso agradecer moi sinceramente a aquelas persoas, que fóra do equipo colaboraron con tesón, por orde alfabético entre o profesorado cito a Julio Prada, coordinador do TFG, Antonio Presedo, colaborador estreito na Calidade, e Beatriz Vaquero, coordinadora do grao e coordinadora de prácticas. Así mesmo teño que deixar constancia do meu enorme agradecemento á Delegación de Alumnos, na que se inclúen os delegados e delegadas de curso, a Facultade é moi afortunado por poder contar cuns estudantes tan participativos, moitos deles xa graduados e graduadas.

O motivo que me leva a repetir no posto é fundamentalmente o camiño andado, penso que na idea de continuidade que mencionaba ao principio, que nesta candidatura logramos alcanzar

algúns obxectivos que agora deben afianzarse, recoñecendo a dificultade desta meta, afrontamos este reto con ilusión. Para elo considero fundamental a colaboración de xente nova, quero agradecer a Adolfo Fernández e Josefina Cadilla a súa decisión de constituír un equipo comigo, sen eles non podería animarme a repetir esta aventura. Pero para que o centro funcione precisaremos a colaboración do todos: o alumnado, o PAS e o profesorado.

Me presento como decana cos obxectivos seguintes:

Manter o grao en Xeografía e Historia fora do plan de viabilidade con dúas estratexias fundamentais:

-Reforzar especialmente a modalidade semipresencial, sen deixar de lado á presencial. Para elo seguiremos mantendo e, na medida do posible, mellorando a difusión do grao e os medios que permiten que a semipresncialidade sexa viable. Sería interesante traballar a posibilidade de realizar as probas de avaliación non presenciais, como xa están a facer algunhas materias. Este ano temos unha alumna que comezou o grao presencial en Ourense e agora está en Panamá. Máis que o plan de difusión o captación está última proposta non será posible sen a colaboración do profesorado.

-Outro aspecto do que temos que traballar é na paulatina implantación do Plan Conxunto entre Xeografía e Historia e Turismo. É difícil que a Xunta nos permita detraer máis prazas do grao, teríamos que conseguir elevar a oferta que hoxe temos de 40.

-No presenta curso traballaremos na acreditación do Máster de Protección, Xestión e Valoración do Territorio.

-Respecto a cuestión da Calidade partimos da Certificación que o centro alcanzou no ano pasado polo que a cuestión agora é manter estes niveis, tratando de resolver as cuestións que dependan de nós, xa que moitas das propostas de melloras eran cuestión de reforma do sistema e dependen da Universidade. Neste apartado son moitas as cuestións que entran entre as que destacamos: a información pública, a planificación e o desenvolvemento da docencia e os recursos materiais e humanos.

Dende logo que para todo elo este equipo precisará a colaboración de todos os sectores que integramos a facultade, por iso agardo que aquelas persoas alleas ao equipo manteñan as súas responsabilidades”

Non habendo solicitude de réplica, a presidenta procede a chamar aos membros/as por orde alfabético para que depositen o seu voto na urna.

O escrutinio é o seguinte:

Votos a favor: 18

Votos en contra: 0

Votos en branco: 0



Unha vez rematada a votación e a proclamación da nova decana, o secretario solicita aos membros da Xunta de Facultade presentes na sesión a posibilidade de lectura e aprobación do acordo de XF para a elección de decana. Os membros acceden e logo da lectura pública por parte do secretario apróbase por unanimidade.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do venres 14 de decembro de 2018 e de todo dou fe como secretario.

A Presidenta

Elena de Uña Álvarez

O secretario

FERNANDEZ
FERNANDEZ
ADOLFO -
36138308H

Firmado digitalmente por
FERNANDEZ FERNANDEZ
ADOLFO - 36138308H
Nombre de reconocimiento
(DN): c=ES,
serialNumber=IDCES-3613830
8H, givenName=ADOLFO,
sn=FERNANDEZ FERNANDEZ,
cn=FERNANDEZ FERNANDEZ
ADOLFO - 36138308H

Adolfo Fernández Fernández